

Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Subvencións e axudas*****BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A COMUNIDADES DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO DO PORRIÑO***

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A COMUNIDADES DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO DO PORRIÑO PARA O CONTROL SANITARIO, MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS E REPARACIÓNS NA REDE DE DISTRIBUCIÓN DURANTE O ANO 2025.

EXPEDIENTE DIXITAL 1727/2025

PRELIMINAR:

As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións ás comunidades de augas estarán suxeitas á Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, ao RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, á Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e á demais normativa de aplicación.

1.— OBXECTO DA CONVOCATORIA, BENEFICIARIOS, PROGRAMAS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrência non competitiva, a concesión de subvencións ás Comunidades de Usuarios de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello do Porriño, que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases e que, durante o ano 2025, realicen tanto mantementos nas instalacións e reparacións na rede de distribucións e analíticas de control sanitario das augas nas traídas veciñais das comunidades de usuarios de augas (liña 1) como obras de investimento (liña 2) que redunden na mellora do servizo, encadrado como servizo básico municipal na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo desta maneira a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

Esta convocatoria tramitarase de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparativa e prelación das solicitudes presentadas e ata esgotar o crédito orzamentario.

O obxecto das axudas comprenderá para a liña 1, a contratación de obras de reparación, substitución de redes de distribución cando non superen o número de dúas actuacións dun



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

máximo de 50 metros lineais (no caso de superar esta cifra sería considerado un investimento que poderá ser encadrada na liña 2), os gastos correspondentes a analíticas de control sanitario e os gastos de mantemento e conservación nas seguintes áreas de actuación:

- Captación de augas (fontes, pozos e a súa contorna).
- Mantemento e conservación de sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e a súa contorna, filtración, decantación, cloración).
- Rede de distribución da auga (reparación nas redes de distribución cando non superen os 50 metros lineais (máximo dúas actuacións de 50 metros).
- Mantemento e conservación nas instalacións (depósitos, rexistros de distribución, pozos de captación).
- Tamén consideraranse gastos subvencionables aqueles derivados da adaptación ao protocolo de autocontrol do abastecemento en concordancia co programa de vixilancia sanitaria da auga de consumo da delegación de Pontevedra da Consellería de Sanidade, a realización do protocolo sanitario e os gastos derivados da inscrición no sistema de información nacional de augas de consumo (SINAC).

En canto á liña 2, as axudas serán destinadas á execución de obras de investimento en inmobles da súa titularidade ou daqueles que lles corresponda o seu dereito de uso, incluíndose a substitución de redes de distribución cando se superen os 50 metros lineais.

Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

- Os fixados no artigo 31 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións.
- Publicidade, carteleira e comunicación.
- Elaboración de proxectos, asesoría, xestoría ou consultaría.
- Cotas a asociacións.

2.— LÍMITE DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS

A contía da subvención estará en función do custo dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, de forma illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou persoais, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecida o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal maneira que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

3.— APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Destinaranse os seguintes importes máximos con esta distribución inicial por liña subvencionable con cargo ao orzamento municipal para o ano 2025:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
Mantemento	95.000,00	161.4800000
Investimento	80.000,00	161.7800000

No caso de que o importe destinado a unha das liñas de subvención non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o orzamento destinado á outra liña.

4.— REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán ser beneficiarios da presente convocatoria aquelas comunidades de usuarios de augas legalmente constituídas e inscritas no libro do Rexistro de Augas do organismo correspondente e que realicen as actividades subvencionables pola presente convocatoria no termo municipal do Porriño. Non se admitirán as solicitudes das entidades non inscritas na data en que remate o prazo para a presentación de solicitudes.

As comunidades participantes deberán acreditar estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e coa facenda local. Para cumprir con este trámite, deberán presentar os certificados correspondentes ou o representante legal da comunidade deberá autorizar a este concello para a consulta de datos na Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia, actuando de oficio con plena suxeición ao establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (achégase modelo de autorización nos anexos das presentes bases).

Así mesmo, o Concello comprobará de oficio a inexistencia de débedas coa facenda local, de conformidade co disposto no artigo 53.d da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén deberán acreditar que non incorren en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade previstas na Lei Xeral de Subvencións, mediante declaración responsable.

5.— SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ

As comunidades de usuarios de augas interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas nas presentes bases deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA XERAL

* Instancia individualizada segundo modelo de instancia xeral (Formulario nº 1) coa que se chegarán os seguintes documentos:

- Certificación do acordo de solicitude de subvención, nomeamento de representante, número de socios e de non ter pendente de reintegro ningunha subvención co Concello do Porriño (Formulario nº 2).
- Código de Identificación Fiscal da comunidade (CIF).
- Estatutos da comunidade.
- Datos bancarios da conta de titularidade da comunidade á que se poderá transferir, no seu caso, o importe da subvención.
- Certificado do representante legal da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, coa expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade (Formulario nº 3).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determinan a imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas conforme á normativa reguladora das subvencións (Formulario nº 4).
- Autorización para a comprobación por parte do Concello da inexistencia de débedas tributarias e fronte á seguridade social (Formulario nº 5).
- Calquera outra documentación que, xustificadamente, sexa requirida polo órgano instrutor do procedemento de concesión.

DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO A SUBVENCIONAR (LIÑA 1).

- Estimación de gastos das accións subvencionables pola presente convocatoria, proxectadas ou realizadas. O orzamento describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario e incluírá o IVE que sexa de aplicación. No caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.
- Certificación expedida polo secretario da comunidade, co visto e praxe do presidente, do número de persoas usuarias.
- Certificación das cotas por usuario e ano.
- Certificación do cumprimento dos deberes legais de analíticas e cloración, indicando o número de probas realizadas durante o ano anterior.

DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO A SUBVENCIONAR (LIÑA 2)

Memoria valorada das obras para as que se solicita a subvención, que estará asinada polo representante da entidade co seguinte contido mínimo:

- Memoria descritiva das obras que inclúa a explicación da necesidade do proxecto, os obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución e a antigüidade da instalación sobre a que se vai a executar o proxecto.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HHJBLK0F8ZQPASGK



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

- Planos e fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.
- Orzamento detallado que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario que incluírá o IVE aplicable, indicándose se é deducible ou non.

Con carácter previo ao comezo das obras a executar e en calquera momento do procedemento:

- Acreditación do pago de taxas por licenza de obras que corresponda.
- Autorizacións municipais e/ou permisos sectoriais que se requiran para a execución da obra.
- En caso de solicitar a subvención para obras xa realizadas, deberá acreditar o cumprimento destes requisitos dentro do prazo dun mes concedido para a solicitude da subvención, xunto co resto de documentación preceptiva.

ACUMULACIÓN DE EXPEDIENTES:

As entidades interesadas en concorrer ás dúas liñas de axuda para mantemento e para investimento poderán formular unha única solicitude.

6.— PRESENTACIÓN, PUBLICIDADE E PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será dun MES, contado a partir do día seguinte ao de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencimiento non houbese día equivalente a aquel que comeza o cómputo, entenderase que o prazo acaba o último día do mes.

Conforme ao previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida pola mesma e un extracto do texto desta convocatoria será publicado no BOPPO a través da BDNS. De forma complementaria publicárase tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica, taboleiro de anuncios físico, páxina web e redes sociais.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos. Así mesmo, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a enmiende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude, aquela en que se realice a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a instrutora do expediente poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias mediante a exhibición do documento orixinal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HHJBLK0F8ZQPASGK



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

No caso de que algún dos documentos supere os tamaños máximos ou un formato non admitido pola sede electrónica do concello, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

A instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, se se necesitase, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se emende a solicitude ou se complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015 citada) coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida a súa petición mediante unha resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e ORAL.

7.— CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

As subvencións teñen carácter voluntario e, por tanto, non existe deber de conceder axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran os requisitos das bases da convocatoria.

O importe a conceder terá os seguintes límites:

- Non poderá concederse unha subvención superior a 8.000 euros por asociación para calquera das liñas subvencionables.
- En caso de concorrer ás dúas liñas, o límite establécese en 12.000 euros para ambos os proxectos.
- O importe concedido non poderá superar o 80% do importe do proxecto presentado (incluíndo o IVE) para ambas liñas.

Por parte do órgano instrutor se detraerán dos expedientes nos que se inclúen conceptos non subvencionables, o seu importe. O resultante desta operación servirá de base para o cálculo do importe a subvencionar. Destes aspectos informarase por escrito á comisión de valoración.

No caso de que, en aplicación dos criterios antes sinalados, supérese o crédito orzamentario previsto para a presente convocatoria, o importe das subvencións a conceder diminuírase proporcionalmente entre os proxectos presentados.

8.— INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Técnica de Xestión Económica, ou persoa que legalmente a substitúa.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Poderase comprobar a realidade física dos gastos de investimento realizados polos peticionarios e subvencionables polo persoal do Concello que se designe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HHJBLK0F8ZQPASGK



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de avaliación deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

A persoa instrutora do procedemento, tendo en conta o expediente e o informe da comisión, formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas interesadas e mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Concederase un prazo de dez días para presentar alegacións, ou a solicitude de reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención que se propón outorgar.

Examinadas as alegacións, de ser presentadas polas persoas interesadas, a instrutora formulará unha proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os/as que se propón a concesión da subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ao expediente engadirase un informe da instrutora no que conste que da información levada a cabo despréndese que os beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario/a proposto/a fronte á Administración, mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación das axudas económicas, realizarase tras o estudo do bloque de solicitudes presentadas.

9.— COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN

A.- A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nas presentes bases, así como de propor a concesión ou denegación das subvencións ás persoas participantes na presente convocatoria.

B.- A composición da comisión será a seguinte:

Presidencia: Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- Un/a técnico/a ou persoal adscrito ao departamento de urbanismo/oficina técnica.
- O/o interventor/a de o Concello do Porriño.



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Secretaría:

- A técnica de xestión económica, instrutora do expediente, que actuará con voz pero sen voto.

Os membros da comisión serán nomeados por decreto de alcaldía.

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán, de maneira individualizada, as entidades solicitantes propostas para obter a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recolleitos nas presentes bases e o importe a conceder.

A comisión de valoración rexerase no seu funcionamento polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A comisión de valoración elevaralle a proposta de concesión á Alcaldía- Presidencia, que resolverá por decreto, previa fiscalización do expediente polo servizo de Intervención.

10.— RESOLUCIÓN

Na resolución, en caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pago e condicións nas que se outorga, sendo notificada á persoa interesada.

A concesión de subvencións para a liña 2 de investimento quedará supeditada a que, por parte do beneficiario, xustifíquese antes do inicio das obras tanto o pago das taxas correspondentes ás licenzas preceptivas como estar en posesión das autorizacións municipais e sectoriais que se precisen.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao final do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución pon fin á vía administrativa.

11.— ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se, dentro do prazo do mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os/as beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tácitamente, quedarán obrigados/as a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal foron concedidas, realizando as actividades obxecto da acción de fomento nos prazos sinalados.

Ademais, serán deberes dos/as beneficiarios/as destas subvencións:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinalas aos fins para as que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellaría respectiva, Servizo de Intervención municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Dar a debida publicidade á subvención concedida por parte do Concello do Porriño a través dos seguintes medios:
- Instalación de cartel informativo nas obras que se realicen con cargo á presente liña de axudas. O cartel, que será como figura a continuación será exposto durante un (1) ano e terá unhas dimensións de 60X40 cm.



Acreditarase coa presentación de fotos do devandito cartel.

- Deberase dar conta da concesión da presente subvención mediante a instalación nos paneis informativos da parroquia de certificación acreditativa expedida polo secretario da asociación na que indique a finalidade e importe concedidos. Na conta xustificativa incorporarase copia de dita certificación e fotografía da súa instalación.
- d) Os demais deberes especificados na normativa reguladora das subvencións públicas.

12.— PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na Base Nacional de Datos de Subvencións (BNDS).



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

13.— COBRO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

Poderase percibir ata o 80% do importe total concedido como anticipo de fondos, abonándose o 20% restante unha vez acreditado o cumprimento da finalidade para a que se solicitou a subvención e sempre xustificándose antes do 1 de decembro de 2025, debéndose xustificar coa achega telemática dos seguintes documentos:

- Escrito de presentación da conta justificativa (Formulario nº 6).
- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
- Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral xunto cos xustificantes de pago e unha relación das mesmas, detallando o número de factura, a data de emisión, o proveedor, o CIF, o concepto, o importe e a data de pago.
- Reportaxe fotográfica das obras realizadas.
- Acreditación do cumprimento da cláusula de publicidade con fotos dos carteis instalados e certificado expedido polo secretario da asociación da dación de conta da subvención concedida en asemblea.
- Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e orixe, cumprimento das finalidades obxecto de subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é deducible (Formulario nº 7).
- Certificación expedida polo secretario da asociación da colocación nos paneis parroquiais da subvención concedida indicando a finalidade e importe e fotografía que o acredite.

Os beneficiarios están obrigados a xustificar o importe total do proxecto presentado e que serviu de base para facer o cálculo da subvención concedida. No caso de que o proxecto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que non supoña unha realización inferior ao 30% do mesmo, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total. No suposto de incumprimento do proxecto por baixo do 30%, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, ocasionando a perda da mesma na súa totalidade e o reintegro das cantidades percibidas como entregas a conta, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

14.— CONTIDO E REQUISITOS DAS FACTURAS

Primeiro.— As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas no período que abarca desde o 01/01/2025 e ata o momento de presentación da conta xustificativa e, en todo caso, anterior á data límite de presentación desta (01/12/2025).



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Segundo.— O contido das facturas axustarase ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número e, no seu caso, serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro estado membro da Unión Europea do que realizou a operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo, o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositible do imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Terceiro.— Documentación acreditativa do pago.

Consistirá na achega, xunto con cada factura, da copia da transferencia bancaria efectuada, que será o único documento válido que acredita o pago a efectos da presente convocatoria. Non se admitirán pagos en efectivo, nin pagos mediante cheques ou pagarés.

Cuarto.— No caso de que a subvención teña como destino o pago de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos ao persoal retribuído co seu pertinente retención xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TC.

15.— REINTEGRO DE SUBVENCIONES

No caso de que a persoa beneficiaria incorra nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Lei 38/2003, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

16.— PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

17.— RECURSOS

Contra a resolución precedente, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

De interporse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada Lei 39/2015. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no artigo 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso axustado a dereito e que os interesados estimen procedente.

(asinado dixitalmente á marxe na data expresada)



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 1. Instancia xeral**CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A
COMUNIDADES DE USUARIOS DE TRAÍDAS DE AUGAS NO ANO 2025****Datos do solicitante:**

Nome da comunidade de augas:

CIF:

Domicilio social:

Parroquia:

Nome do representante:

Cargo que ocupa:

NIF representante:

Teléfonos:

Correo electrónico:

SOLICITA:

A subvención cos criterios sinalados nas bases da convocatoria para a cal presenta a seguinte documentación (sinale cun X os documentos achegados no momento da solicitude):

Documentación administrativa:

☐ Formulario nº 2 (certificación do acordo de solicitude de subvención, nomeamento de representante, número de socios e de non ter pendente de reintegro ningunha subvención do Concello do Porriño).

☐ Formulario nº 3 (certificado de subvencións ou axudas obtidas).

☐ Formulario nº 4 (declaración responsable de non estar incurso en causas de imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas).

☐ Formulario nº 5 (autorización para a comprobación de débeda tributarias e fronte á Seguridade Social).

☐ Copia do CIF da comunidade.

☐ Copia dos estatutos da comunidade.

☐ Certificación de conta bancaria.

☐ Copia do NIF do representante legal.

Documentación do proxecto para a súa valoración:

☐ Estimación de gastos das accións subvencionables polapresente convocatoria, proxectadas ou realizadas.

☐ Certificación expedida polo secretario da comunidade, co visto bo do presidente, do número de usuarios.

☐ Certificación das cotas por usuario e ano.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: HHJBLK0F8ZQPASGK



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

☐ Certificación do cumprimento dos deberes legais de analíticas e cloración, indicando nº de probas realizadas durante o ano anterior.

Para investimentos:

☐ Reportaxe fotográfica das instalacións sobre as que se van a realizar obras (situación actual). En caso de obras realizadas, fotografías da situación anterior e a actual.

☐ Autorizacións, permisos sectoriais e pago de taxas por licenza para a execución das obras. Esta documentación poderá presentarse posteriormente, e sempre con carácter previo ao comezo das mesmas.

O Porriño, _____ de _____ de 2025.

Asdo. o representante legal,

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HHJBLK0F8ZQPASGK



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 2. Certificado do acordo de solicitude, nomeamento de representante e número de socios/as

En cumprimento das bases da convocatoria, D./Dª. _____
co DNI _____, como secretario/a de a
entidade _____ co
CIF _____

CERTIFICA:

Que esta entidade acordou en sesión celebrada o día _____
a solicitude da subvención polas actividades indicadas e, así mesmo, acordou
nomear como representante para as relacións co Concello á seguinte persoa:
D./Dª. _____
co DNI _____.

O número de socios desta entidade nesta data é de _____.

Visto e praxe

O/a presidente/a

O/a secretario/a da entidade,



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 3. Certificado

D./D^a. _____, co
DNI _____, en calidade de _____, da
entidade _____ co CIF
_____ e domicilio social en _____

CERTIFICO

☐ Que esta comunidade solicitou as seguintes subvencións para o exercicio 2025:

Das que foron concedidas:

☐ Que esta comunidade nou solicitou ningunha subvención.

☐ Que esta comunidade se compromete a comunicar aquelas subvencións concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que así conste, asino o presente certificado.

O Porriño, _____ de _____ de 2025.

Asdo. O/a representante legal,



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº4. Declaración responsable

D./D^a. _____
co DNI nº _____, actuando en nome e representación
de _____
co CIF nº _____

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.- Non solicitar a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado segundo a Lei concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3.- Non dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

4.- Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.

5.- Atoparse ao corrente no cumprimento de deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7.- Atoparse ao corrente de pago de deberes por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8.- Non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003 xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos, asino a presente declaración.

No Porriño, _____ de _____ de 2025.

Asdo. O/a representante legal,



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 5 Autorización para a consulta de datos

D./D^a. _____
co DNI nº _____, actuando en nome e representación
de _____
_____ co CIF nº _____

AUTORIZO ao Concello do Porriño a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesouraría da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia, os datos relativos ao cumprimento dos seus deberes para comprobar os requisitos establecidos nas presentes bases (para a concesión de subvencións a comunidades de augas de consumo do Concello do Porriño para o control sanitario, mantemento de instalacións e reparacións na rede de distribución durante o ano 2025).

Esta autorización outórgase exclusivamente aos efectos da tramitación do expediente citado no parágrafo anterior.

O Porriño, _____ de _____ de 2025

Asdo. O/a representante legal,



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 6. Xustificación da subvención**DATOS DO BENEFICIARIO:**

Nome da entidade:

CIF:

Domicilio:

Nome do representante:

NIF:

Teléfono:

Correo electrónico:

En cumprimento do establecido nas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención, procédese a achegar os documentos preceptivos xustificantes da mesma (sinale cun X os documentos achegados para a xustificación):

- ☐ Escrito de presentación da conta xustificativa (**Formulario nº 6**).
- ☐ Memoria detallada que inclúa a declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
- ☐ Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, xunto cos xustificantes de pago e relación das mesmas, detallando o número de factura, a data de emisión, o proveedor, o CIF, o concepto, o importe e a data de pago.
- ☐ Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e orixe, cumprimento das finalidades obxecto da subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é deducible (**Formulario nº 7**).
- ☐ Reportaxe fotográfica das obras executadas.
O Porriño, _____ de _____ de 2025.

Asdo. O/a representante legal,

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO



Luns, 28 de xullo de 2025

Núm. 141

Formulario nº 7. Certificación para a xustificación de subvencións

D./D^a. _____
co DNI nº _____, como secretario/a de a entidade _____
co CIF nº _____

CERTIFICO:

1.- Que no exercicio de _____ obtivo unha subvención do Concello do Porriño por un importe total de _____ euros para a finalidade _____

2.- Que para estes mesmos fins obtivéronse, ademais, as seguintes subvencións ou axudas económicas:

Denominación	Organismo concedente	Importe

3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

4.- Que se realizaron gastos para _____
_____ por unha contía total de _____.

5.- Que a entidade subvencionada declara que o IVE que expresan as facturas xustificativas non ten carácter deducible para a entidade, a efectos de consideralo subvencionable.

E para que conste, a efectos de xustificación, expídese a presente certificación en _____, a _____ de _____ de 2025.

Visto e praxe,
O/a presidente /a,

O/a secretario/a de a entidade,

